

ACTA Nº 8-2012
DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE
CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL
- DIA 14/05/2012

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes :

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG).-

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG).-

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG).-

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE).-

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE).-

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE).-

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP).-

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP).-

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP).-

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG).-

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG).-

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Águeda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:05 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión extraordinaria urxente.

Desculpada a non asistencia dos concelleiros/as indicados e constatada a presenza da maioría dos seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

2º.- OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO NO MARCO DO RD LEI 4/2012.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Sr. Presidente pregunta aos/as sres/as.concelleiros/as sobor da ratificación da convocatoria deste pleno por urxencia, conforme ao exposto na propia convocatoria, en relación a este asunto OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO NO MARCO DO RD LEI 4/2012 sendo imprescindible a súa aprobación antes do 15 de maio.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, resulta:

Ratifícase a urxencia da orde do día do pleno por unanimidade dos membros presentes (4 do BNG, 5 do PSdG-PSOE e 5 do PP), isto é, 14 dos 17 que conforman o pleno municipal, polo tanto maioría absoluta do número legal dos membros da corporación.

2.- OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO NO MARCO DO RD. LEI 4/2012.-

O Sr. Alcalde parte da proposta e do informe de intervención que figuran no expediente deste asunto, que literalmente din:

<<Por resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas de 30 de abril de 2012 informouse favorablemente o Plan de Axuste aprobado no Pleno de 26 de marzo último, en desenvolvemento do artigo 7 do RD Lei 4/2012. A mencionada Resolución indica que a Corporación local deberá aprobar dentro dos primeiros 15 días naturais do mes de maio a concertación da operación de préstamo a largo prazo recollida no citado RD Lei, polo importe das obrigas pendentes de pago polas que os contratistas manifestaron a súa vontade de acollerse ao procedemento instrumentado nesta última norma.

A Orden PRE/773/2012 de 16 de abril, pola que se publica o acordo da Comisión delegada do Goberno para asuntos económicos de 1 de marzo de 2012, para a posta en marcha do mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, dispón, entre outros temas, que correspondente ao ICO a xestión e transmisión da información necesaria para a operación de endebedamento que subscriba cada unha das entidades locais (disposición terceira); o prazo da operación será de máximo dez anos con dous de carencia na amortización do principal (disposición quinta). O tipo de interese será o equivalente ao custe de financiamento do Tesouro público aos prazos sinalados máis un marxe de 115 puntos básicos ao que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos (disposición sétima). O ICO actuará como axente coa colaboración das entidades de crédito que se adhiran a este sistema (disposición oitava).

Por outra banda, ata o 8 de maio finaliza o prazo para actualizar a relación de provedores que aceptan este sistema de abono e, ademais o importe a financiar o decidirá en última instancia a Administración Central.

Do anterior dedúcese que no estreito marxe temporal para aprobar a operación de endebedamento, esta pendente de definir a entidade financeira que prestará os fondos, xestionada polo ICO, o tipo de interese, así como o importe definitivo da operación de endebedamento.

Por todo iso, propónse ao Pleno aprobar o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar unha operación de crédito a longo prazo por importe máximo de novecentos noventa e oito mil cincocentos un euros con trinta e dous céntimos (998.501,32) , por un prazo máximo de dez anos con dous de carencia na amortización do principal, con un tipo de interese equivalente a ao custe de financiamento do Tesouro público aos prazos sinalados máis un marxe de 115 puntos básicos ao que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos, con a entidade financeira que se adhira a este mecanismo xestionado polo ICO, sendo de aplicación en todo o demais as determinacións contidas na Orde 773/2012, de 16 de abril e demais normativa complementaria.

Segundo.- DELEGAR na Alcaldía concretar os aspectos concretos da operación, sen sobrepasar os límites do punto anterior.>>

<<INFORME DE INTERVENCIÓN.

Asunto: Operación de endebedamento ao abeiro do Real decreto 4/2012.

D.Águeda Bello Valdés interventora do Concello de Rianxo en relación ao asunto de referencia ten a ben emitir o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

Por resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas de 30 de abril de 2012 informouse favorablemente o Plan de Axuste aprobado no Pleno de 26 de marzo último, en desenvolvemento do artigo 7 do RD Lei 4/2012. A mencionada Resolución indica que a Corporación local deberá aprobar dentro dos primeiros 15 días naturais do mes de maio a concertación da operación de préstamo a largo prazo recollida no citado RD Lei, polo importe das obrigas pendentes de pago polas que os contratistas manifestaron a súa vontade de acollerse ao procedemento instrumentado nesta última norma.

A Orden PRE/773/2012 de 16 de abril, pola que se publica o acordo da Comisión delegada do Goberno para asuntos económicos de 1 de marzo de 2012, para a posta en marcha do mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, dispón, entre outros temas, que correspondente ao ICO a xestión e transmisión da información necesaria para a operación de endebedamento que subscriba cada unha das entidades locais (disposición terceira); o prazo da operación será de máximo dez anos con dous de carencia na amortización do principal (disposición quinta). O tipo de interese será o equivalente ao custe de financiamento

do Tesouro público aos prazos sinalados máis un marxe de 115 puntos básicos ao que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos (disposición sétima). O ICO actuará como axente coa colaboración das entidades de crédito que se adhiran a este sistema (disposición oitava).

Por outra banda, o 8 de maio non finaliza o prazo para actualizar a relación de provedores que aceptan este sistema de abono e, ademais o importe a financiar o decidirá en última instancia a Administración Central. Do anterior dedúcese que no estreito marxe temporal para aprobar a operación de endebedamento, esta pendente de definir a entidade financeira que prestará os fondos, xestionada polo ICO, o tipo de interese, así como o importe definitivo da operación de endebedamento, o que obriga a adoptar o acordo de endebedamento sen poder precisar os anteriores extremos .

En canto ao órgano competente, este é o Pleno, por maioría absoluta, debido a superar o importe acumulado das operacións de endebedamento concertadas no ano 2012 o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento (artigos 47.2 da Lei 7/1985 e 52 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais).

CONCLUSIÓNS

Por todo o anterior se informa favorablemente a proposta que se eleva ao Pleno Municipal de “CONCERTAR unha operación de crédito a longo prazo por importe máximo de novecentos noventa e oito mil cincocentos un euros con trinta e dous centimos (998.501,32), por un prazo máximo de dez anos con dous de carencia na amortización do principal, con un tipo de interese equivalente a ao custe de financiamento do Tesouro público aos prazos sinalados máis un marxe de 115 puntos básicos ao que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos, con a entidade financeira que se adhira a este mecanismo xestionado polo ICO, sendo de aplicación en todo o demais as determinacións contidas na Orde 773/2012, de 16 de abril e demais normativa complementaria”. >>

Asemade consta informe emitido pola Secretaria o día 11/05/2012, cuxas conclusións son:

<<.../...CONCLUSIÓN

Este informe detalla a normativa existente respecto do procedemento dunha operación de endebedamento a longo prazo, e o carácter excepcional desta autorizada no marco do RD. 4/2012, sendo unha medida recollida no Plan de axuste municipal aprobado o 29/03/2012 e autorizado polo Ministerio. A execución deberá ser verificada todos os anos so pena de aplicarse a retención nos tributos do Estado.

Por non estar orzamentada e superar o 10% dos recursos ordinarios da corporación, e competencia plenaria indelegable ao requirir o artigo 47 da Lei 7/85 maioría absoluta para a súa aprobación, previo dictame da Comisión de Economía e Facenda.

Concluindo, infórmase favorablemente nos termos e no marco do Rd. 4/2012, en tanto resulta da execución do Plan de axuste aprobado, remitíndome ao estrictamente económico e de fiscalización ao que informa a intervención municipal.

Este é o meu informe sen prexuízo doutro mellor fundamentado en dereito, o órgano competente decidirá o que estime oportuno.
.../...>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 14/05/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos, se ben antes engade que se está a falar dun 4% de interese que na situación actual é factible e afrontable polos Concellos, sen embargo, de subir sería un quebranto para a facenda municipal, polo que se lle da un voto de confianza ao Estado. Insiste en que neste momento non se sabe exactamente o tipo de interese.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di soamente que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, comenta que van a aprobar porque ven imposto tanto a medida como as entidades con que concertalas, tamén se impón o interese (falase dun 7%); e estase a traballar sobre a marcha, de feito non vai a totalidade da débeda consignada no plan de axuste, que agora estase a ampliar o

prazo cos provedores e posiblemente de ser aceptadas levaranse a un novo pleno para ampliar a operación.

O voceiro (suplente) do grupo municipal do BNG, Don Constantino Castaño Calvo di que é unha medida xa aprobada polo Pleno e que permitirá o pago aos provedores.

O Sr. Alcalde di que todas as entidades locais esperan o mellor dos axustes posto que de non ser así podería dar ao traste todo o feito, chamaría a atención que os bancos compren ao 1% o diñeiro e logo poidan enriquecerse co prestado. Sería un escándalo cando por outra parte están a recibir diñeiro público.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (4 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 14 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as **20:22 horas**, de orde da presidencia levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo